



# A CAIXA ABERTA DE SOFÍA FELIU

# ACTIVIDADE

“A caixa aberta de Sofía Felíu” é unha proposta para fomentar a creatividade de todos os visitantes do Museo das Mariñas que ao mesmo tempo permite difundir a vida e a obra dunha das moitas mulleres pintoras que non foron recoñecidas no seu momento.

A pintora, orixinaria de Navalmoral de la Mata (Cáceres), pasou parte da súa vida en Betanzos, onde pintou recunchos do día a día da cidade e do seu patrimonio. En 1963, durante unha entrevista para o xornal El Pueblo Gallego, comentaba esta anécdota:

“

- ¿Cómo nació en usted esta vocación?

- Pues...no sé, dicen que es Dios quien hace esos repartos; pero si puedo decir que de los tres a los seis años se creó en mi la inquietud ante el por qué de las dificultades para representar una caja abierta, afortunadamente a esta edad hacía los mismos garabatos que cualquier niño, solamente que aquellas cajas no me dejaban satisfecha, y nació la inquietud, germen o semilla de toda acción fecunda.

”




[Enlace á entrevista completa](#)

## OBXECTIVOS

Partindo do reto que plantea a pintora queremos que todos os nenos e nenas que se acheguen ao Museo das Mariñas coñezan o seu traballo e poñan en práctica a súa creatividade: tocará debuxar algo tan simple e sinxelo como unha caixa aberta.

Comezamos esta actividade o 25 de novembro do 2022, o día internacional pola eliminación da violencia contra as mulleres, cando fixemos unha ruta para dar a coñecer as historias desas mulleres que permanecían ocultas no almacén do museo.

Dende ese momento, moitas e moitos xa pintaron a súa versión da caixa aberta. E descubrimos que algo tan simple pode ter infinitas versións, dependendo da man do artista. Podedes ver algunhas nas historias destacadas do noso instagram @BAMbetanzos.



Visita guiada

### Onde están as mulleres do Museo das Mariñas?

Venres 25 de novembro, de 19:00 a 20:15  
Inscripción gratuíta ata completar aforo  
Reserva: [museodasmariñas@betanzos.net](mailto:museodasmariñas@betanzos.net) ou 981773693  
Inicio: Fonte da Diana Cazadora

BETANZOS EN NEGRO ▼



## DESENVOLVEMENTO

Esta actividade está aberta a toda a comunidade escolar. Non require coñecementos previos nin ter un nivel artístico destacable. A actividade pode realizarse dentro dunha visita xeral ao Museo das Mariñas ou realizando unha actividade específica sobre as mulleres pintoras, sendo esta segunda opción máis breve no tempo.

Entre a colección pictórica do Museo das Mariñas destacan obras de pintoras como Sofía Feliu, Rosina Martínez, Olimpia Tourné o Teófila Sasiain, que estamos tratando de dar a coñecer.

### VISITA GUIADA AO MUSEO + A CAIXA ABERTA

75 minutos aprox.

### VISITA ÁS PINTORAS + A CAIXA ABERTA

30 minutos aprox.

### MATERIAIS

Cada estudante poderá traer os seus propios materiais para ter máis variedade de recursos á hora de confeccionar o seu traballo.

Dende o Museo das Mariñas aportamos a plantilla na que facer a obra, que tamén se pode descargar da páxina seguinte.



### OBRAS

Sempre que se queira, poderedes entregar os traballos realizados no Museo das Mariñas, para realizar no futuro unha mostra con todas as caixas abertas pintadas polos nenos e nenas que nos visitaron.



# A caixa aberta de Sofía Feliú

Nome:.....

Idade:.....Data:.....

Podes deixalo para que o poñamos na exposición, rematalo na casa e traelo outro día ou marchar con el e subilo ás redes sociais mencionando á nosa conta @BAMbetanzos